



POR RAQUEL C. PICO ([HTTPS://WWW.DISQUECOOL.COM/AUTHOR/RAQUEL/](https://www.disquecool.com/author/raquel/))
/ 06/06/2019

6 ACTIVIDADES LITERARIAS PARA OS PRÓXIMOS DÍAS



Para todo momento do ano cae ben un bo libro ou algunha boa frikada literaria. E como somos moi de compartir fixemos un resumo das que agora mesmo podedes facer (xa ou nesta fin de semana) en diferentes localidades galegas.

Paseos Literarios


Durante o mes de xuño, **Pontevedra e Santiago acollen varias sesións dos Paseos Literarios**, que organiza a AELG en colaboración cos concellos das dúas cidades. En Santiago arrancan este sábado cunha visita pola “Compostela dos libros propios e alleos” con Inma López Silva e en Pontevedra o próximo cun

paseo seguindo a “influencia do cinema na Pontevedra do primeiro terzo do século XX”, pero seguirán durante todo o mes con máis entregas (en Santiago, por exemplo, haberá unha sesión sobre portas e poxigos da antiga muralla e en Pontevedra por Pedrarcana, cidade lorquiana).

As visitas son baixo reserva e **teñen capacidade limitada**, pero na web da AELG(<https://axendacultural.aelg.gal/>), aparecen os datos de reserva.

Santiago e Pontevedra

As nosas letras de Muller a Muller & Feira do Libro



Xa vos falamos deste libro(<https://www.disquecool.com/2018/12/18/seguindo-as-mulleres-das-letras-galegas/>), cando o presentaron hai uns meses, pero agora vai ser **material para unha exposición**. A Feira do Libro de Redondela acolle unha mostra baseada nos debuxos de *As nosas letras de Muller a Muller*, o libro con